

Tribunal cualificador do proceso selectivo para acceso á escala auxiliar, subgrupo C2, convocado por Resolución Reitoral do 15 de xullo de 2021 (DOG de 29 de xullo).

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo para o acceso á escala auxiliar da Universidade de Santiago de Compostela en sesión celebrada o día 8 de abril de 2022, ACORDOU:

PRIMEIRO.-Facer públicos os CRITERIOS DE CORRECCIÓN das probas correspondentes ao primeiro exercicio (coñecemento de idioma galego) que se celebrarán o vindeiro día 29 de abril de 2022 (Convocado en Resolución publicada DOG nº 62, de 30 de marzo de 2022):

O nivel de coñecemento da lingua galega esixido é o correspondente ao Celga 4, tal e como se establece na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) publicada no Diario Oficial de Galicia do 30 de xullo de 2007. Terase en conta tamén o establecido na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

O nivel correspóndese tamén co nivel C1 do Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación, elaborado polo Consello de Europa e do que existe tradución a diversas linguas europeas, entre elas ao galego.

A proba de galego consta de dúas partes, unha parte escrita e outra oral. Os criterios seguidos para avaliar cada unha destas partes son os seguintes:

Proba escrita

Avaliarase a ADECUACIÓN, terase en conta que se resolva a actividade en termos xerais, que se cumpra coa extensión requirida e se traten os puntos esixidos na tarefa cunha información adecuada. Valorarase que o formato textual e o rexistro sexan os adecuados.

Avaliarase a COHESIÓN e a COHERENCIA, que se presente a información organizada, que se faga un uso correcto e variado dos conectores e que se usen de xeito correcto os signos de puntuación.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos, sintácticos ou ortográficos.

Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a corrección, precisión e amplitude do vocabulario empregado.

Proba oral

Avaliarase a ADECUACIÓN, que se resolva a actividade en termos xerais, que a produción se adapte á finalidade do acto comunicativo e ao contexto, e que o rexistro empregado sexa o adecuado.

Avaliarase a INTERACCIÓN, que se empreguen estratexias de colaboración co interlocutor e que se faga uso da quenda de palabra con naturalidade.

Avaliarase a COHESIÓN e FLUIDEZ, que se presente a información ben organizada e as ideas ben enlazadas, do xeito máis fluído posible.

Avaliarase a PRONUNCIA e a ENTONACIÓN, que a pronuncia sexa correcta e que se faga un uso axeitado da fonoloxía galega.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos ou sintácticos.

Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a precisión e amplitude do vocabulario empregado.

SEGUNDO: Convocar a segunda proba do primeiro exercicio, comprensión escrita ou comprensión oral e expresión oral, a continuación da primeira proba. Ao remate da primeira proba, os aspirantes atoparán publicado nas portas da aula A da Facultade de Ciencias Económicas, onde se celebra a primeira proba, a orde de chamamentos para a segunda. Nesta publicación indícase o horario concreto no que se cita a cada un dos aspirantes. De acordo coa base 6.1 da Convocatoria, a orde de chamamentos das persoas aspirantes será alfabético, comezando pola primeira da letra Y.

TERCEIRO: Informase aos aspirantes dos seguintes aspectos relacionados coa organización do exercicio:

- Os aspirantes deberá vir provistos de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte)
- Tratándose dun proceso no que participarán un número relativamente elevado de aspirantes e tendo en conta a irregular evolución dos contaxios provocados pola COVID-19 o Tribunal **recomenda o uso da máscara** no espazo de realización das probas e durante a realización das mesmas, en aras a promover a protección colectiva, especialmente daquelas persoas que pertencen aos colectivos definidos como de risco polo Ministerio de Sanidade. Esta recomendación faise consonte co disposto no punto 7 da Guía de actuación fronte á COVID-19 da USC con vixencia dende o 21 de abril de 2022 que fai referencia, entre outras, a aquelas actividades que se realizan en espazos pechados nos que as persoas transitan ou permanecen durante un tempo prolongado.
- As persoas aspirantes deberán de vir provistas de bolígrafo azul ou negro.
- Non se poderá acceder á proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.
- A entrada á proba será consonte a orde de chamamento, que se iniciará ás **10:00 horas**.

Santiago de Compostela
A presidenta do Tribunal
Carmen Martí Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Taboleiro Electrónico da USC

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARÍA DEL CARMEN MARTÍ FERNÁNDEZ, NIF ***4436**, 22/04/2022 11:37:01.

CSV: D11E-E5C5-458D-8845